

UD3 LECTURA 1: BAILEMOS NÓS JA TODAS TRES, AI AMIGAS

BAILEMOS NÓS **JA** TODAS TRES, AI AMIGAS

Bailemos nós **ja** todas tres, ai amigas,
so aquestas avelaneiras frolidas,
e quen for velida como nós, velidas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras frolidas
verrá¹ bailar.

Bailemos nós **ja** todas tres, ai irmanas,
so aqeste ramo d' estas avelanas,
e quen for **louçana** como nós, **louçanas**,
se amigo amar,
so aqeste ramo d'estas avelanas
verrá¹ bailar.

Por Deus, ai amigas, mentr' al² non **fazemos**
so aqeste ramo frolido bailemos,
e quen ben **parecer** como nós **parecemos**,
se amigo amar,
so aqeste ramo, sol que nós bailemos,
verrá¹ bailar.

Airas Nunez

¹verrá: virá

²al: outra cousa

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2008/06/bailemos-ns-ja-todas-tres-ai-amigas.html>

COMPRENSIÓN DO TEXTO

1. Recita esta cantiga de amigo intentando pronunciar ao estilo medieval. Olo coas palabras en grosa:
 - a) **ja** pronunciaríase seguramente sonora **[3]**;
 - b) **louçana** e **louçanas**, tería unha sibilante xorda pronunciada **[ts]**;
 - c) **fazemos**, sería con sibilante sonora **[dz]**;
 - d) e **parecer** e **parecemos** pronunciaríase xorda **[ts]**.
2. Indica a modalidade desta cantiga de amigo:
 - a) *é unha bailada posto que a moza baila soa mentres agarda polo amigo;*
 - b) *é unha alba porque as mozas bailan debaixo dunha abeleira florida pola mañá cedo;*
 - c) *é unha bailada dado que a moza baila coas súas irmás ou amigas para celebrar a alegría de sentirse namorada;*
 - d) *é unha cantiga de romaría xa que a abeleira debaixo da que bailan as amigas está situada ao lado dun santuario ou ermida;*
 - e) *é unha mariña pois a escena de baile ten lugar preto do mar;*

3. Marca a palabra que significa o mesmo que *louçana*:

a) *vizosa*;

b) *xenerosa*;

c) *débil*;

d) *simpática*;

e) *amable*.

4. Transforma o poema de Airas Nunez nun rap e interprétao diante dos compañeiros e compañeiras. Podes introducir música ou outros elementos se cres que van enriquecer artisticamente a actuación. (Resposta aberta)